



## BANDO

### DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA, ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE FORCAREI FAI SABER:

Que debido aos problemas de sequía que estamos padecendo nos derradeiros meses pola falta de chuvia, apelamos á responsabilidade de todos os veciños e veciñas deste Concello, pola necesidade de que se faga un aforro e un consumo responsable da auga da rede de abastecemento.

Por este motivo débese consumir a auga estritamente necesaria e non malgastala, quedando **PROHIBIDO USAR A AUGA DA TRADA para: lavado de vehículos, rego de xardíns e hortas, enchido de piscinas, depósitos de auga para rego e análogos.**

Rógase a colaboración de todos os usuarios para que se faga un uso racional da auga e así poder garantir o servizo.

Esténdense as recomendacións anteriores para o consumo de auga privada, procedente de pozos.

O que se fai público para Xeral coñecemento

Forcarei, 14 de Novembro de 2017  
A ALCALDESA,

Asdo.: Belén Cachafeiro Anta.

